

SEGUNDA REVOLUCIÓN INDUSTRIAL E IMPERIALISMO(1870-1914)

1 - A Segunda Revolución Industrial.

● A partir de 1870 producíronse novas transformacións na economía mundial que se coñecen como **segunda revolución industrial**.

1.1 - As fontes de enerxía da 2ª RI.

● A fonte de enerxía básica da primeira revolución industrial, o carbón, vese agora desbancada por dúas novas que son a electricidade e o petróleo, empregados de xeito masivo no século XX.

- A **electricidade** revolucionou a iluminación quedando desbancada a iluminación de gas, o transporte (ferrocarril eléctrico, metro, tranvía) e as telecomunicacións (telégrafo, teléfono, radio, cinematógrafo).
- A aplicación do **petróleo** (gasolina, gasóleo) ás máquinas fixo posible o uso de coches, camións e avións para o transporte, tractores para o campo e a aparición de múltiples produtos derivados da industria petroquímica (pinturas, vernices, plásticos, etc.)

1.2 - Características da Segunda Revolución Industrial.

1.2.1 - Novas industrias:

- Os principais cambios prodúcense en catro grandes tipos de industrias:
 - **A industria mecánica** contou con numerosos inventos como a máquina de coser (1860), a máquina de escribir (1864), a bicicleta (1865), o motor de explosión (inventado por Daimler e Benz), o de gasóleo (inventado por Diesel)...
 - **A industria química** obtivo nos laboratorios unha mellor alimentación. O alemán Liebig descubriu a cantidade de nitratos, potasio e fosfatos que precisan os animais e as plantas para teren unha alimentación adecuada e inventou tanto os pensos orgánicos como os fertilizantes químicos. Investigou tamén noutros campos como é o caso dos derivados do petróleo, inventándose os plásticos (1867), os colorantes artificiais, os tecidos artificiais (nylon, fibras) e os produtos farmacéuticos (Bayer). A industria dos explosivos desenvolveuse con Sobrero que inventou a nitroglicerina e con Nobel que inventou a dinamita.
 - **A industria electrónica** descubriu os raios X (1895), a radioactividade (1896), descubrimentos que se foron completando xa no século XX, no campo da física polos esposos Curie e por Einstein.
 - **Na industria siderúrxica** o aceiro foi substituíndo no transporte (ferrocarrís e barcos acoirazados), na construción de maquinaria e incluso nos bens de consumo. Este rápido crecemento foi posible debido a unha serie de innovacións técnicas como foi o invento do forno Bessemer (que leva o nome do seu inventor), capaz de producir grandes cantidades de aceiro a baixo prezo. Tamén se desenvolve a industria doutros metais como o aluminio, cobre, níquel, etc.

1.2.2 - Novos medios de transporte:

- **A aparición do automóbil**, inventado cara a 1885 en Alemaña. En 1889 os irmáns Renault fundaron a súa empresa en Francia, e Peugeot vendeu 29 coches en 1892. A comezos do século XX, Agnelli creaba en Turín a FIAT e Henri Ford lanzábase en EE.UU. á conquista do mercado do seu país en dura competencia coa General Motors.

- Durante a primeira década do século XX, **a aviación** achábase en fase experimental, polo que aínda non representaba un elemento importante na vida económica. Había de ser durante a Primeira Guerra Mundial cando, tanto os británicos coma os alemáns, descubriron a súa importancia. Ata a segunda metade do s. XX non se pode considerar un medio de transporte relevante.

- Na segunda metade do século XIX vanse mellorar os antigos medios de transporte como **o ferrocarril**, que potenciou as industrias metalúrxicas e mecánicas e mesmo tivo un importante papel político pois facilitou a expansión territorial de EE.UU. cara o oeste fronte aos indios (o ferrocarril transcontinental concluíuse en 1869 tras unírense o *Union Pacific* co *Central Pacific*) e a do Imperio Ruso cara o leste (Transiberiano, 1902).

- No **transporte marítimo**, desde 1860 triunfou a navegación a vapor, pola súa maior velocidade, tonelaxe e seguridade. A partir de 1877 os barcos incorporan cámaras frigoríficas. O transporte e máis o comercio internacional beneficiáronse así mesmo coa construción dos canais de Suez (1869) e de Panamá (1914), ao reducir as distancias e os prezos dos portes.

1.2.3 - Novos sistemas de produción:

- **Formación dunha rede económica mundial.** A fins do século XVIII existía unha economía vinculada ao hemisferio occidental e con centro case exclusivo en Gran Bretaña. A finais do século XIX Europa asistiremos a progresiva integración das economías nacionais nun mercado mundial cada vez máis unificado.

- Un bo indicador desta progresiva integración económica é a **crise agraria finisecular**, considerada como a primeira gran crise do capitalismo (1873-1896), (A máis grave foi entre o 73 e 79) e ocasionada pola chegada aos mercados europeos de inxentes cantidades de produtos alimenticios (trigo e carne especialmente) procedentes de EE.UU., Canadá, Arxentina e Australia. A razón desta crise está na produción masiva de bens alimenticios, a baixo custo, nos países extraeuropeos e no descenso do prezo dos transportes das mercadorías.

- As consecuencias para os agricultores europeos foron dramáticas: viron descender os prezos dos seus produtos e os beneficios, e o número de campesiños reduciuse aínda máis en todos os países europeos.

- Os sectores industrial e financeiro seguiron a mesma pauta: ao crack da bolsa de Viena sucedéronlle quebras bancarias nos grandes países industriais: Alemaña, EE.UU., Gran Bretaña e Francia. Como consecuencia, en todos estes países produciuse un aumento do paro e un descenso dos salarios. A magnitude do paro obreiro que acompañou a esta primeira gran depresión era un feito descoñecido ata o momento.

- As consecuencias destas crises repercutiron tamén nas estruturas sociais e políticas de todos os países:

- Intensificouse a competencia entre as empresas para reducir os custos de produción.
- Aumentou a rivalidade entre as principais potencias para controlar os recursos económicos e os mercados do mundo extraeuropeo.
- A maior parte dos países industriais puxeron en práctica unha política económica proteccionista.

1.2.4 - As transformacións demográficas:

● Ao longo do século XIX produciuse o máis prolongado crecemento da poboación coñecido ata entón, especialmente en Europa e en EE.UU. Paralelamente ao proceso industrializador, o número de europeos duplicouse no século XIX, mentres que a poboación de EE.UU. pasou de 5,3 millóns en 1800 a 75,99 millóns en 1900 (crecemento debido en gran parte aos inmigrantes que chegaron alí procedentes de toda Europa).

● A revolución dos transportes, especialmente a extensión do ferrocarril e a difusión do barco de vapor non só incrementou os intercambios comerciais senón tamén os de persoas. Hai que destacar o grande éxodo de europeos a Ultramar, especialmente desde a segunda metade do século XX (1870).

1.2.5 - Novas potencias industriais.

● Entre 1865 e 1914 Gran Bretaña seguiu sendo a primeira potencia comercial do mundo pero foi perdendo pouco a pouco a súa supremacía industrial porque se adaptou con dificultades innovacións técnicas que ían xurdindo.

● As novas industrias desenvolvéronse en Estados Unidos e Alemaña, de tal forma que, en 1914, Estados Unidos converteuse na primeira potencia agrícola e industrial do mundo e Alemaña púxose á cabeza das industrias química e eléctrica.

● Inglaterra:

- Na economía foi a primeira potencia mundial ata 1914: fabricaba 1/4 da produción industrial do mundo, a libra esterlina era a primeira moeda internacional, Londres era a capital do mercado mundial. Triplicou a súa poboación e o 55% da súa poboación activa vivía da industria.
- Na política gozou dunha gran estabilidade co reinado da raíña Vitoria entre 1837 e 1901, e dous partidos se alternaban no poder: o conservador (Tory) e o liberal (Whig). Aínda que tivo un problema político constante con Irlanda cuxa maioría católica se enfrontaba ó anglicanismo británico.
- En política social recoñeceu ós sindicatos, e regulou o traballo de mulleres e nenos.

● Alemaña:

- Na economía comezou un rápido desenvolvemento económico e industrial a partir da súa unificación en 1871. Incorporou rapidamente os descubrimentos da 2ªRI e a industria pesada superou a industria de bens de consumo: aceiro, maquinaria, e produtos eléctricos, incentivada polos préstamos estatais. Duplicou dúas veces e media a súa poboación. E converteuse na primeira potencia industrial do continente en competencia con Gran Bretaña.

- Na política Alemaña era un imperio federal con preeminencia de Prusia. O protagonista da política alemá ata 1890 foi o chanceler Bismarck que creou un grande exército nacional, propiciou a unidade xurídica con leis penais, tribunal supremo, e código civil únicos, e freou o avance obreiro ca seguridade social máis avanzada: seguros de enfermidade, accidente, invalidez, e vellez.
- Francia:
 - Na economía empezou a medrar durante o Segundo Imperio entre 1850-70 a partir do sector téxtil e metalúrxico.
 - Na política consolidouse a opción republicana a partir de 1875. A finais de século baixo o goberno de Clemenceau reduciuse a xornada laboral a 8 horas e reguláronse os accidentes e as pensións.
- **Estados Unidos:**
 - Foi outro caso de rápida e intensa industrialización a partir de 1850-60: expansión da industria téxtil, mineira e metalúrxica, construción do ferrocarril e extracción de petróleo. Desenvolveu equilibradamente a industria pesada e a de bens de consumo. En vésperas da 1ªGM. Producía 4 veces máis aceiro e o dobre de carbón que Gran Bretaña.

1.3 - A industria en Galicia no século XIX e principios dos século XX.

- O panorama xeral da industria galega no século XIX é de **atraso e decadencia**, sobre todo no sector téxtil doméstico, tradicional nalgunhas zonas de Galicia, que queda nun nivel artesanal e preindustrial. Pásalle o mesmo ás ferrerías que quedan fóra dos avances tecnolóxicos e produtivos.
- As únicas industrias que merecen mención por terse producido un certo impulso nelas son os **curtidos** situadas nos arredores das cidades, e as **industrias de monopolio estatal**, como o Arsenal de Ferrol ou a fábrica de tabacos na Coruña.
- Hai que destacar tamén as industrias de salgadura que se van transformar, a finais do século XIX, na industria conserveira, punteira na industrialización capitalista galega, sobre todo no século XX.

1.3.1 - A industria conserveira galega.

- A finais do século XIX comeza a desenvolverse a industria da salgadura da man dos empresarios cataláns. Comezaron a investir en Galicia e transformaron a primitiva industria de salgaduras en industria conserveira na década de 1880. As fábricas sitúanse na zona costeira galega. É a industria con estrutura capitalista, que vai ir en aumento ata os principios do século XX, pasando das 11 fábricas de 1895 ata as 106 de 1907. Vigo é o primeiro centro conserveiro de España con empresarios como os Massó, ou os Barreras.
- As fábricas de conservas proporcionan postos de traballo, empregando a mulleres e incluso nenos. Terán unha influencia no desenvolvemento de sectores auxiliares como envases metálicos, serradoiros, máquinas, pero sobre todo nos estaleiros. Influirán no desenvolvemento comercial de portos e cidades galegas dedicadas á exportación a España e ó exterior.

1.3.2 - O ferrocarril

- O ferrocarril vaise construír serodiamente con respecto ao resto de España. A primeira liña será a de Santiago-Carril inaugurada en 1873, e en 1883 inaugúrase a primeira liña que une Galicia coa Meseta (liña Coruña-Monforte-Palencia), quedando incorporada así á rede española.

- En 1886 constrúese a Ponte Internacional de Tui, que comunicou Galicia con Portugal. Monforte vai ser un nó ferroviario importante, xa que desde aquí enlazábase coas cidades de A Coruña e Vigo.

2 - A EXPANSIÓN COLONIAL DAS POTENCIAS EUROPEAS

2.1 - O paso do colonialismo ó imperialismo.

- O período comprendido entre 1870 e 1914 coñécese como a **era do imperialismo** porque as principais potencias europeas lanzáronse á conquista de colonias, especialmente nos continentes africano e asiático, e rivalizaban entre si polo dominio do mundo.

- O concepto **imperialismo** designa a expansión económica que realizan as grandes potencias de Europa Occidental, Estados Unidos e Xapón desde 1880 noutros continentes.

- Finalmente, o termo **imperialismo colonial** relaciona o fenómeno colonial coa necesidade ineludible de investir nos territorios colonizados os capitais excedentes das potencias occidentais.

- O **colonialismo** non é un feito novo porque durante o século XVI, España e Portugal forxaron enormes imperios coloniais e, un século máis tarde, fixérono Holanda, Inglaterra e Francia.

- A diferenza con respecto ó imperialismo colonial de finais do século XIX é que agora se busca un control total da colonia para extraer dela o máximo beneficio, mentres que antes se buscaba só un comercio vantaxoso para a metrópole.

2.2 - Causas do imperialismo colonial.

2.2.1 - Causas económicas e demográficas:

- o imperialismo foi unha consecuencia da industrialización, xa que o desenvolvemento industrial proporcionou medios de transporte e de comunicación eficaces (ferrocarril, barco de vapor, telégrafo), armas potentes e medicinas específicas.

- As colonias servíanlles aos países europeos para obter un lugar onde vender o excedente da produción industrial (é dicir, servían como mercado), para investir os seus capitais, e como abastecemento de materias primas.

- Servían tamén como lugar de asentamento para os seus emigrantes, solucionando así o continuo crecemento demográfico dos países europeos (a poboación creceu intensamente no século XIX) e aminorando os problemas de paro e malestar nas metrópoles.

2.2.2 - Causas políticas:

- No ámbito político pretendíase aumentar o prestixio internacional do país en cuestión, e conquistar lugares estratéxicos para controlar rutas marítimas e terrestres importantes.

- Así, Gran Bretaña consideraba fundamental dominar Exipto para controlar as rutas cara á India mentres que Rusia tratou de atopar unha saída a mares libres de xeos.

2.2.3 - Causas ideolóxicas:

- Cítanse entre elas, as inquietudes científicas. A partir de 1870 en Gran Bretaña, Francia, EE.UU. e Alemaña creáronse sociedades xeográficas, que se lanzaron a realizar expedicións científicas por todo o planeta: polo deserto do Sáhara, as selvas e os ríos de África, e incluso chegaron ás rexións polares. Unha vez explorado un territorio, o país que organizara a expedición tiña o dereito de conquistalo e explotalo.

- Por outro lado, os occidentais estaban convencidos da superioridade da raza branca e que isto lles daba dereito a dominar outros pobos, que consideraban atrasados e inferiores. Por iso pensaban que tiñan a misión de civilizar os demais pobos. O ideal de civilizar a uns pobos que consideraban atrasados e de convertelos ao cristianismo impulsou tamén a expansión colonial. Fundáronse centenaes de misións en África, Asia e Oceanía.

2.3 - A administración colonial.

- As potencias coloniais van impoñer nos territorios ocupados o sistema polo que se vai administrar cada colonia. Distínguense os seguintes réximes administrativos:

- **As colonias:** supón a perda da soberanía do país colonizado que pasa a depender totalmente de metrópole. As colonias poden ser de dous tipos: **colonias de poboamento** que son territorios pouco poboados que absorbían os excedentes de poboación da metrópole, como por exemplo Australia, Suráfrica ou Canadá . E **colonias de explotación** que eran territorios con bastante poboación indíxena que abastecían de materias primas e servían de mercado ós produtos manufacturados da metrópole, como por exemplo a India.
- **As concesións:** eran territorios cedidos ou alugados á metrópole durante un tempo determinado. Tratábase de enclaves cobizados polo seu interese estratéxico ou comercial. Un exemplo foi a concesión de Hong Kong a Gran Bretaña por parte de China. A cesión acordouse por cen anos, e en 1997 este territorio foi devolvido á República Popular China.
- **Os protectorados.** Neles a potencia colonizadora controlaba a política exterior e as riquezas do país, mentres que as autoridades nativas controlaban a política interior. Exemplo: o que fixo Gran Bretaña con Exipto ou España con Marrocos.
- **Os mandatos:** naceron despois da 1ª Guerra Mundial para administrar os territorios dependentes das potencias perdedoras na contenda. Segundo esta nova fórmula, unha potencia colonial (Gran Bretaña ou Francia) exercía a tutela sobre un determinado territorio en representación da Sociedade de Nacións.

2.4 - O reparto de África.

● Antes de 1800 os europeos asentaran nas costas africanas, fundando factorías cunha finalidade estratéxica ou comercial. O interior do continente era un territorio practicamente descoñecido, sen embargo en 1914 xa estaba totalmente repartido entre os diversos Estados europeos agás dúas excepcións: Liberia, creada por iniciativa de EE.UU. e Abisinia.

● A clave do cambio de tendencia na penetración do exterior cara ao interior atópase na **Conferencia de Berlín** de 1884-85 que reuniu ós representantes de doce nacións europeas, ademais de Turquía e EE.UU. Nesta conferencia acordouse:

- Que o control costeiro non implicaba a ocupación do interior, polo que as distintas potencias iniciaron unha carreira de conquista cara o interior co fin de que outras non se adiantasen.
- Tamén se decidiu a libre navegación polos ríos Níxer, Congo e os seus afluentes, así como a liberdade de comercio en toda África central.
- Por último, para evitar as disputas das grandes potencias no corazón de África, creábase un Estado-tapón, o “Estado libre do Congo” como propiedade persoal do rei Leopoldo II de Bélxica.

● Esta conferencia contribuíu á aceleración do reparto do continente africano. A ocupación efectiva levouse a cabo entre 1885 e 1904, data na que pode darse por concluído o esencial do reparto.

● **Os principais imperios coloniais de África** corresponderon a:

- O **Reino Unido** que avanzou desde o Sur (Cidade do Cabo en África do Sur) ata o Norte (O Cairo en Exipto) intentando crear un corredor continuo vertical.
- **Francia** foi o segundo imperio en importancia, expansionándose desde o oeste ata o leste.
- **Alemaña e Italia** incorporáronse relativamente tarde á expansión colonialista (porque estaban ocupadas coas súas respectivas unificacións) e ambos países conseguiron algunhas colonias en África. **Alemaña** quedouse con Camerúm, África suroccidental alemá e África oriental alemá. **Italia**, trala independencia de Abisinia veu reducido o seu imperio a Libia e Somalia.
- **Portugal** conseguiu Angola, Mozambique e a Guinea Portuguesa.
- **España** conseguiu o protectorado de Río de Ouro e o da costa norte de Marrocos, así como parte do Sáhara.

2.5 - A colonización de Asia.

● **A Asia rusa.** A expansión interior do Imperio Ruso realizouse en Asia Central e en China Setentrional. No final da década de 1880, Rusia ocupara toda a Asia central ata Afganistán, que permanecía independente e será obxecto de disputa entre rusos e británicos ata 1907 en que decidiron mantelo como Estado-tapón.

● **A Asia británica.** A presenza británica na India data de finais do século XVIII. A conquista dos territorios foi lenta e ficou rematada cara a 1848, aínda que poucos anos despois a revolta dos cipayos¹ (1857-58) fixo que Gran Bretaña cambiase os métodos de

¹ Os sipaios eran habitantes da India que formaban parte do exército británico. Tratábase de soldados e

administración colonial. Os principais intereses económicos eran a produción de algodón bruto e doutras materias primas.

- **A Asia francesa.** Francia iniciou a conquista de Indochina durante o Imperio de Napoleón III.

- Entrementres, os **holandeses** afirmaron a súa administración sobre as chamadas Indias holandesas: Xava, Sumatra, Borneo e parte das illas Célebes, totalmente ocupadas en 1882.

3 - A política imperialista das potencias extraeuropeas.

4 - Estados Unidos.

- No século XIX USA comezou un imparable desenvolvemento demográfico , económico e territorial.

- O crecemento demográfico foi debido á constante chegada de inmigrantes europeos, na súa maioría novas, procedentes sobre todo de Gran Bretaña, Irlanda e Alemaña. E á alta taxa de natalidade. A poboación pasou de menos de catro millóns de habitantes en 1790 a sete millóns en 1810, trece millóns en 1830 e 132 millóns de habitantes en 1940.

- O crecemento económico sobre todo a partir da década de 1830 debeuse á dispoñibilidade de unha man de obra abundante e nova, ó desenvolvemento de innovacións técnicas, especialmente na industria téxtil e na navegación a vapor, e a pronta aplicación dos métodos de división do traballo e produción en cadea nas fábricas. A industria téxtil impulsou a industrialización nun primeiro momento. Despois, a expansión das liñas férreas deu orixe a unha poderosa industria siderúrxica que pronto se converteu no motor do desenvolvemento económico.

- A ampliación do seu territorio debeuse á expansión cara o Oeste efectuouse mediante:

- **A compra:** en 1803 comprouse a Luisiana a Francia, en 1819 Florida a España e Alaska foi comprada aos rusos en 1867.
- **A anexión e a guerra:** Texas foi incorporada en 1845, mentres que California e Novo México foron cedidos por México en 1848, tras a derrota na guerra (paz de Guadalupe- Hidalgo).
- **A colonización:** a chegada masiva de colonos permitiu a expansión cara a o Oeste, favorecida polas grandes extensións de terras cultivables e as minas, sobre todo as de ouro de California.
- **O ferrocarril:** facilitou o asentamento da poboación nas novas terras e permitiu a especialización económica das diferentes zonas.

- Pero entre 1861 e 1865 tivo que facer fronte á **Guerra de Secesión**. Foi unha guerra civil na que os dous **bandos enfrontados** foron as forzas dos Estados do Norte contra os “Estados Confederados de América,” integrados por once estados do Sur que se proclamaron independentes.

sargentos que en 1857 protagonizaron unha sublevación nacionalista que se opoñía ao intento de impulsar a cultura e os costumes británicos na colonia.

- O Norte era superior en poboación (dezanove millóns de habitantes, fronte ao dez millóns do Sur), e contaba con maior riqueza e centros industriais. Os Estados do Norte aboliron a escravitude mentres que os estados do Sur mantivérona xa que era a base das súas explotacións de algodón e tabaco.

- En 1860, **Abraham Lincoln** (1809-1865) foi elixido presidente dos EEUU e opúxose á extensión da escravitude nos novos territorios que se ían integrando no país. Mentres tanto **Jefferson Davis** (1808-1889) foi elixido presidente da Confederación de Estados de América. Inmediatamente estalou a guerra civil. A guerra terminou coa vitoria do Norte. Deixou medio millón de mortos e centos de miles de feridos. Moitos territorios do Sur quedaron arrasados.

- Rematada a guerra a reconstrución do país requiriu tempo e esforzo.

- A pesar da lexislación que se promulgou en contra de a discriminación racial, o problema da **integración social dos negros** continuou enturbando a vida política estadounidense.
- A agricultura de plantación entrou en decadencia, sobre todo pola competencia da produción algodoeira da India e Exipto. Houbo que introducir novos cultivos e mellorar as técnicas agrícolas.

- No último cuarto do século XIX produciuse unha fase de extraordinario **desenvolvemento económico**, impulsado por grandes homes de empresa, como Rockefeller, que situaron ao país á cabeza do mundo capitalista.

- **A poboación** medrou rapidamente, alcanzando os 50 millóns de habitantes en 1880. Fortes continxentes de inmigrantes penetraron no país e continuaron a conquista do Oeste, onde se crearon novos Estados: Nevada (1864), Nebraska (1867) e Colorado (1876).

- A expansión económica xerou un sentimento de superioridade (cultural, racial, técnica e económica) que os levou a pensar de que tiñan a misión de liderar o mundo contemporáneo. Estas ideas tiveron tres formulacións fundamentais:

- A **doutrina Monroe** (presidente de EE.UU.) de **1823**, que mantiña a teoría independentista de que ningún Estado tiña dereito a estender o seu dominio en América ("**América para os americanos**" dicía). Pero, na práctica, esta doutrina tiña a intención de reservar para Estados Unidos o dominio sobre América, sobre todo nunha época en que se estaba desintegrando o Imperio Español americano.
- A doutrina do "**Destino Manifesto**" de **O'Sullivan**, quen en **1845** facía unha exaltación do nacionalismo agresivo e expansionista norteamericano con motivo da guerra con México, ao que se lle arrebataron Texas, Novo México, Arizona, Nevada, Utah e California.
- O presidente **Theodore Roosevelt** perfilou, en **1904**, as bases do expansionismo norteamericano por medio do "**Corolario Roosevelt**", **xustificando a intervención estadounidense en varios Estados do Caribe e América continental**. Segundo este presidente se un goberno desta zona poñía en perigo os intereses dos cidadáns ou **empresas norteamericanas**, o goberno estadounidense estaba obrigado a intervir para protexer os intereses dos seus cidadáns e empresarios.

- **Actuacións do imperialismo estadounidense:**

- **En Cuba.** En 1898 estalou o conflito entre Cuba e España. EE.UU. interveu argumentando como pretexto a explosión do acoirazado *Maine*, fondeado na Habana. A flota norteamericana derrotou á armada española en Santiago de Cuba e Cavite (Filipinas). Polo Tratado de París, España cedeulle Porto Rico, Filipinas e a illa de Guam a Estados Unidos. Cuba independizouse, aínda que en ocasións foi ocupada e normalmente estivo baixo a influencia norteamericana ata a revolución de 1959.
- **En Panamá.** EE.UU. propuxérase construír un canal que comunicase os dous océanos pero Colombia negouse a ceder os terrenos. Entón EE.UU. impulsou a independencia de Panamá (1903) e ocupou a franxa de terreo na que construíu o canal que foi inaugurado en 1904.
- **En Centroamérica, as Antillas e Venezuela.** Ocuparon Nicaragua, a República dominicana e Haití aínda que estes territorios foron abandonados antes da Segunda Guerra Mundial.
- **No Océano Pacífico.** A expansión comercial e estratéxica norteamericana cara o Sueste asiático levou consigo a ocupación de Filipinas, Hawai e un conxunto de arquipélagos que lles permitían controlar a ruta do Pacífico camiño da China.

4.1 - Xapón:

● Antes de 1868 Xapón era un Imperio feudal no que se consideraba ao emperador coma un deus, por máis que o poder recaía de feito nos señores feudais:

- O poder estaba repartido entre os grandes propietarios rurais (**daimios**) e os señores da guerra (**samurais**). Todos obedecían a un xefe militar e político chamado **shogún** que dende o século XVII era da familia dos **Tokugawa**.
- O **emperador** era unha figura simbólica que vivía retirado de Kioto.
- A **poboación** vivía da agricultura do arroz nun réxime de servidume feudal.

● Xapón estivo pechado ás influencias exteriores ata 1854, en que tivo que ceder ás presións da mariña de guerra norteamericana. Americanos e europeos impuxeron o establecemento de tratados comerciais con Xapón. Esta apertura viviuse como unha humillación e provocou unha división interna entre os señores feudais.

● En 1868 os señores feudais de Satsuma e Choshu fixéronse co goberno e restauraron no poder ó emperador, un mozo de 14 anos: Mutsu-Hito e promoveron a **Revolución Meiji** (1868- 1912) que impuxo unha modernización institucional, técnica e industrial seguindo os patróns occidentais:

- O emperador acabou co poder dos señores feudais eliminando os seus privilexios e eliminou a influencia samurai no poder creando un servizo militar obrigatorio.
- Implantou o ien como moeda única e permitiu a entrada de capitais estranxeiros.
- Impúxose a forma de vestir e o calendario occidental.
- Confeccionouse un código civil e penal de inspiración francesa.
- Ampliouse ao sistema educativo.

- Elaborouse a **Constitución de 1889** que estivo en vigor ata 1947. Esta Constitución estaba inspirada nos modelos de Alemaña e Austria e sentou as bases dun liberalismo conservador ca que gañou o recoñecemento diplomático de Occidente.
 - Promoveuse unha **industrialización acelerada** na que o Estado aportou o capital necesario para un primeiro investimento industrial que foi apoiado polo capital privado desde finais do século XIX.
 - Fundáronse grandes compañías como a Mitsubishi.
 - Enviaron técnicos xaponeses para aprender as técnicas occidentais.
 - Establecéronse premios para as empresas máis eficaces.
 - Desenvolveron a industria téxtil do algodón e conservaron a da seda.
- A primeiros do século XX era a 1ª potencia industrial de Asia. As causas da súa política imperialista son:
- **Económicas** xa que Xapón tiña a necesidade de buscar novos mercados para inverter os seus capitais e facerse cas materias primas necesarias para a súa industria que estaba en constante crecemento.
 - **Sociais**: Xapón era un país moi poboado e con pouco territorio.
 - **Políticas**: a idea da formación dun “Gran Xapón” era apoiada por amplas capas da poboación e do exército.
- Debido a estas razóns Xapón iniciou unha política exterior agresiva e un achegamento diplomático á Gran Bretaña xa que os dous países vían con desconfianza a expansión rusa no norte de China. Dous conflitos han converter a Xapón na única potencia imperialista non europea xunto con Estados Unidos.
- A **guerra de Xapón contra China** (1894-95). En poucos meses os xaponeses ocuparon Corea e Formosa, e penetraron en Manchuria. En 1895 China recoñecía a independencia de Corea e cedíalle Formosa a Xapón.
 - A **guerra ruso-xaponesa** (1904-05). As presións rusas en Manchuria e Corea levaron á ruptura de relacións entre ambos países en 1904. Como no caso anterior, a vitoria xaponesa foi rápida e definitiva por terra e mar. Coa mediación de E.UU. ambos países asinaron a paz en 1905 pola que Xapón obtiña Corea como un protectorado. O Imperio Ruso cedíalle a Xapón o ferrocarril do sur de Manchuria e o sur da illa de Sajalín.
- Os conflitos imperialistas estiveron na base do estoupido da Primeira Guerra Mundial. Todas as potencias europeas querían manterse á cabeza do poder mundial e por iso emprenderon unha rápida “carreira de armamentos”.